

## PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Tendo solicitada axuda para participar no **PLAN CONCELLOS 2018-2019 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS** coa finalidade de asegurar a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, tendo en conta a normativa aplicable, e visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 9 de marzo de 2018,

### DISPOÑO:

- Incóese expediente para a contratación de **9 persoas desempregadas** inscritas no Servicio Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- Os contratos a formalizar serán a xornada completa de 37,5 horas semanais, por un período de 8 meses e medio, clasificados no grupo E. Desenvolverán traballos de interese xeral ou social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.
- Incorpórense ó expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.
- Preséntense as correspondentes ofertas de traballo na oficina de emprego de Cambados.

Documento asinado electrónicamente á marxe.